

RESOLUCIÓN DO DECANO DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE 22 DE XULLO DO 2008, SOBRE NORMAS PARA A ELECCIÓN DE GRUPO NO CURSO ACADÉMICO 2008/2009

A normativa da Universidade para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno o 31 de outubro de 1996, establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e dos criterios para a resolución destas peticións.

De cara a aplicación no curso académico 2008/2009 dun sistema de libre elección de grupos polos alumnos, resulta necesario acordar os criterios para a súa efectividade. Neste senso, a Comisión de Docencia da Facultade, aprobou como principios xerais para o réxime de cambio de grupo os seguintes:

- As posibilidades de libre elección non teñen máis restricción que a razoabilidade do número de alumnos por grupo que permita un axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Ese límite establececese no 5% do grupo teórico, resultado de dividir o número de alumnos matriculados entre o número de grupos.

- No caso de que as solicitudes para un determinado grupo sexan superiores ó número de prazas dispoñibles, deberán tomarse como criterios preferentes o feito de ter suspendido previamente a materia para a que se solicita o cambio e a nota media do expediente dos solicitantes.

Atendendo, finalmente, ás experiencias desenvoltas nos cursos anteriores,

RESOLVO

Primeira.- *Número de grupos*

Consonte ó Plano Docente Anual da Facultade para o curso 2008/2009, existirán 4 grupos (A, B, C, D) en tódalas asignaturas troncais e obrigatorias, agás no “Prácticum”, no que existirán 10 grupos.

Segunda.- *Solicitudes de grupo*

- 1.- Os alumnos matriculados nos estudos correspondentes ó vixente Plano de Estudos deben solicitar a adscrición a calquera dos grupos existentes en cada asignatura.
- 2.- No caso de que a matrícula se realice a través de internet, a aplicación abrirá unha pantalla para que o alumno poida marcar as súas opcións de grupo.
- 3.- Se a matrícula se fai a través de soporte papel na Unidade de Xestión Académica, xerarase automaticamente unha solicitude de grupo en función do apelido.

4.- Ata o día 17 de outubro os alumnos poden modificar a súa solicitude de grupo cantas veces queiran a través da Secretaría Virtual, na páxina web da Universidade de Santiago de Compostela.

5.- Os alumnos que se matriculen con posterioridade ó día 17 de outubro poden solicitar grupo de entre aqueles nos que queden prazas vacantes logo da adxudicación ós alumnos que solicitaron grupo antes dese día.

Terceira.- *Número máximo de prazas por grupo*

O número máximo de prazas de cada grupo dunha asignatura será o resultado de multiplicar por 1,05 o número teórico de alumnos do grupo, considerando como tal o resultado de dividir o número de alumnos matriculados na asignatura entre o número de grupos existente na mesma.

Cuarta.- *Criterios para a asignación de grupo*

1.- Entre as solicitudes presentadas ata o día 17 de outubro procederáse á asignación de grupo atendendo ós criterios seguintes:

a) Se o número de prazas dun grupo é superior ás solicitudes, asignarase o grupo solicitado a tódolos alumnos.

b) Se o número de prazas dun grupo é inferior ó número de solicitudes, a asignación efectuarase de acordo coa seguinte orde de prioridade:

1.º Alumnos que teñan 2 ou máis suspensos na materia para a que solicitan o grupo.

2.º Resto dos alumnos en función da nota media do seu expediente.

2.- As solicitudes efectuadas con posterioridade ó día 17 de outubro resolveranse unha vez rematado o prazo de matrícula e os alumnos asignarase ós grupos para os que queden prazas vacantes segundo a orde temporal das solicitudes.

Quinta.- *Alumnos que se matriculan en primeiro curso por primeira vez*

1.- Os alumnos que se matriculen en primeiro curso por primeira vez deben elixir o mesmo grupo para tódalas asignaturas troncais e obrigatorias.

2.- Nas asignaturas que poden ser obxecto de matrícula de primeiro por primeira vez reservaranse 90 prazas de cada grupo para os alumnos que se matriculan por primeira vez. Estas prazas adxudicaranse en función da nota das probas de acceso á Universidade.

3.- As prazas restantes de cada grupo asignaranse ós alumnos de segundas ou posteriores matrículas consonte ós criterios xerais.

Sexta.- Resolución e efectos

1.- A resolución das solicitudes de asignación de grupo será publicada no taboleiro de anuncios da Facultade e na páxina web da Universidade de Santiago de Compostela.

2.- Se os grupos adxudicados a un alumno resultan incompatibles co desenvolvemento dun traballo ou actividade profesional, o Decano, previa solicitude na que se acredite debidamente a situación laboral ou profesional e a incompatibilidade, poderá asignar un grupo con horario diferente.

3.- A resolución definitiva do Decano sobre adxudicación de grupos pode recorrerse en alzada perante o Reitor no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó de publicación ou notificación da resolución.

Sétima.- Entrada en vigor

Esta Resolución entra en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade.

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2008.

O Decano




Luis Miguez Macho

DILIXENCIA

Para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 xullo do 2008.

O Decano



Luis Miguez Macho

SR. SECRETARIO XERAL; SRS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE DEREITO; SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. RESPONSABLE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.